

CONCELLO DE RIANXO - - PROVINCIA DE A CORUÑA-

ACTA Nº 13-2013 DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL

- DIA 31/10/2013-

Marxe que se cita:

Presidente:

ADOLFO F. MUIÑOS SANCHEZ.- (BNG)

Concelleiros/as asistentes:

ADELINA CES QUINTANS (BNG)

CONSTANTINO CASTAÑO CALVO (BNG)

HADRIANA ORDOÑEZ OTERO (BNG) INCORPORASE AS 20:20 H.

Mª TERESA SOBRADELO IGLESIA.- (BNG)

JOSE CARLOS GEY HERMO (PSOE)

SONIA CASTAÑO EIRAS (PSOE)

Mª OLGA GONZÁLEZ DOURADO (PSOE)

ANA MARIA AGRELO REY (PSOE)

Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN (PP)

Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA (PP)

ELISA BOUZAS VICENTE (PP)

JOSE RICARDO BESADA GESTO (PP)

JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE (PP).-

ANA MARIA EITOR VIDAL (PP)

Concelleiros ausentes:-

XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ (BNG)

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO (PSOE)

Secretaria:

Carolina Costoya Pardo

Interventora:

Agueda Bello Valdés

Na Casa Consistorial de Rianxo, no día de hoxe ás 20:05 baixo a Presidencia do Sr.Alcalde reúnen os/as señores/as Concelleiros/as que á marxe se indican coa asistencia da Interventora Municipal e da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal.

Constatada a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente (cando menos 1/3 do número legal), polo Sr.Presidente declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA:

- 1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IVTM.
- 4º.- PRORROGA DO CONTRATO DE CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUTOBUSES.
- 5º.- MOCIONS DE URXENCIA
- 6.º.ROGOS E PREGUNTAS□

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Acta Nº 12 Sesión ordinaria do día 26/09/2013

O Presidente pregúntalle aos Sres/as. Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Non habendo observacións ao respecto, polos votos a favor dos 14 concelleiros presentes, dos 17 que legalmente conforman o pleno, queda aprobada a acta citada

2.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO

2.A) A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01/09/2013 ata o 30/09/2013, que comprenden os números 414/2013 ao 460/2013, cuxa relación facilitouse aos voceiros dos grupos municipais.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

2.B) A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación e que se trasladaron aos membros do pleno coa convocatoria desta sesión:

- Acta Nº 17 da Sesión ordinaria do día 12/09/2013
- Acta Nº 18 da Sesión ordinaria do día 26/09/2013

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

3.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IVTM

O alcalde lee a proposta facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<Tal e como se preceptúa no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas, no artigo 17 a 19, e habida conta de que ata o de agora se veu concedendo a exención do IVTM para os solicitantes que unicamente aporten como acreditación da súa minusvalía o certificado ou resolución do INSS reconecéndolles unha incapacidade permanente total, absoluta ou gran invalidez e para manter o principio de igualdade tributaria considerase a posibilidade de acollerse ao articulado da Lei 51/2003, de 2 de decembro de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, sendo necesario modificar o artigo terceiro da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**.

Emitido o preceptivo informe de intervención, con data 2/10/2013.

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación do artigo terceiro da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**, que queda redactado integramente como segue:

Artigo terceiro:

1. Para poder aplicar a exención a que se refire a letra e) e g) do artigo 93.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o interesado deberá acompañala solicitude dos seguintes documentos debidamente autenticados:

A.- No suposto de vehículos para persoas de mobilidade reducida:

- Fotocopia do permiso de circulación (o seu nome)
- Fotocopia do certificado de características do vehículo
- Fotocopia do Carné de Conducir (anverso e reverso)
- Fotocopia da declaración administrativa de invalidez ou diminución física expedida polo organismo competente.
- Declaración baixo a súa responsabilidade do seu uso exclusivo.

B.- No suposto dos tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícolas:

- Fotocopia do permiso de circulación.
- Fotocopia do certificado de características.
- Fotocopia da Cartilla de Inspección Agrícola expedida a nome do titular do vehículo.

2. En todo caso, consideraranse que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% os pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade segundo o contemplado na Lei 51/2003, de 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.

1- A presente modificación do artigo terceiro da **Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica** foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o de de 2013.

2.- O inicio de aplicación desta ordenanza será o día seguinte da súa publicación no BOP da Coruña”

Segundo.- Expoñer ó público no taboleiro de Edictos da Corporación e no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de máis difusión da Provincia, durante trinta días, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. De non formularse reclamacións entenderase definitivamente aprobado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade dun novo acordo plenario.

Terceiro.- Os acordos definitivos, incluído os provisionais elevados automaticamente a tal categoría e o texto íntegro das Ordenanzas ou das súas modificacións, deberán publicarse no B.O.P., sen que entren en vigor ata que se leve a cabo dita publicación.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE FACENDA, do día 28/09/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que están de acordo e a consideran necesaria amosando o acordo do grupo na súa aprobación.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, manifesta o apoio a proposta e di que o que se pretende é garantir a posibilidade de exención, que aínda que se viña aceptando en base a unha anterior doutrina que inclúe tamén o disposto na lei 51/2003, deste xeito quedaría cuberta con total seguridade xurídica a laguna legal existente. Trátase dunha cuestión advertida pola Tesoureira actual e que procedía traer a pleno.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que é necesario introducir esta modificación e procedente para asegurar a aplicación da exención nos casos de que se trata.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** por unanimidade dos membros presentes que son os 14 votos a favor (4 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE, 6 do PP) con cero votos en contra e cero abstencións, dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

4.- PRORROGA CONTRATO CONCESIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE AUTOBUSES

O alcalde comenta a proposta e a xustifica, foi facilitada aos membros do pleno corporativo:

<<En sesión plenaria do 30/05/2013 adoptouse en relación co contrato de concesión do servizo municipal de autobuses, e a petición do concesionario HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L. coa conformidade da Alcaldía o seguinte acordo que se transcribe:

<<**Primeiro:** *Interpretar que a actual concesión non ten predeterminado un prazo mínimo para as prórrogas* segundo resulta das bases reguladoras e pregos de explotación do servizo -o que non pode ser alterado polo contrato asinado- e en consecuencia, *prorrogar ata o 28/10/2013 o contrato de concesión do servizo municipal de autobuses formalizado* entre o Concello de Rianxo e Jose Manuel Gey Figueira en representación de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.

Ratifícase así o contido da Resolución nº 192/2013 con efectos á súa data.

Este acordo debe ser comunicado ao concesionario.

Segundo: Considerando que o servizo municipal de transporte regular de viaxeiros xa está establecido tal e como figura nos antecedentes (acordo plenario adoptado en sesión do día 15/07/1988 e 22/08/1988 con autorización naquel intre da Dirección Xeral de Transportes) e restando 6 meses da concesión actual procede incoar a nova licitación do servizo nos seguintes termos:

- Trátase dun contrato de xestión de servizos públicos, mediante o que a Administración encomenda a unha persoa, natural ou xurídica, a xestión dun servizo público. Polo tanto sería unha xestión indirecta que está permitida xa que este servizo non implica o exercicio de autoridade
- O sistema escollido de contratación é o propio de CONCESIÓN ADMINISTRATIVA, polo que o empresario xestionará o seu risco e ventura o servizo.
- A duración máxima deste tipo de contratos determinarase nos pregos do expediente de licitación dentro dos límites do Rd.3/2011. Os prazos enténdense como días naturais
- Disporase dun regulamento do servizo, e no seu caso das tarifas.
- O expediente é ordinario.
- O procedemento será aberto.

Terceiro: Incorpórese ao expediente de licitación a tramitar a documentación conforme á normativa vixente que se relaciona a continuación:

- Proxecto de explotación do servizo
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e prego de prescricións técnicas.
- Certificado de Existencia de Crédito, no seu caso.
- Informe de fiscalización da Intervención.
- Informe de Secretaría.>>

En consecuencia, o día 28/10/2013 remata a prórroga da concesión do servizo municipal de autobuses de Rianxo adoptada en sesión plenaria do 30/05/2013 a favor de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.

Con data 21/10/2013 achégase por Jose Manuel Gey Figueira en representación de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L. a manifestación da súa vontade en prorrogar a devandita concesión por un tempo non superior a 6 meses.

Pola súa banda a Alcaldía amosou a súa conformidade á prórroga solicitada en providencia emitida o día 21/10/2013 porque a pesar de tese incoado na mesma sesión plenaria do 30/05/2013 un novo proceso de licitación do servizo estase a rematar os termos que definen a devandita concesión.

Incorporouse o informe da Secretaria e da Intervención municipal do día 21/10/2013 que efectúan a seguinte conclusión que se transcribe literalmente:

<<.../...>>

CONCLUSIÓN

En principio, coa normativa aplicable a este contrato sería viable a mencionada prórroga de 6 meses por mutuo acordo das partes o que debe ser sometido ao **pleno corporativo** como órgano competente ao ser o órgano de contratación.

De adoptarse tal decisión pola Alcaldía e aínda cando fora por razón de urxencia e por interese público corresponde ao pleno que é o único que pode acordar a prórroga de se-lo caso; en consecuencia, de resolverse a prórroga pola Alcaldía infórmase desfavorablemente por incorrer en incompetencia do órgano e por ende en motivo de nulidade do artigo 62.1. da Lei 30/1992 (ao que remite o artigo 32 TRLCSP).

Asemade **INFORMASE DESFAVORABLEMENTE a prórroga se o concesionario ten suprimido ou alterado o servizo** tal e como parece resultar do parte de incidencias da Xefatura de Policía Local do 01/02/2013, **incluso cando se adoptara polo pleno corporativo**, posto que o que procedería sería a extinción do contrato, sendo a prórroga nesas condicións en fraude de lei ao non ser adoptada a modificación de itinerarios e horarios polo pleno corporativo nin con ilo revisarse novamente as tarifas.>>

Tal e como se indicou no informe de secretaria e intervención emitido o día 21/10/2013 o órgano competente para a prórroga é o pleno corporativo, por ilo esta Alcaldía somete a este pleno aqueles aspectos que contén a Resolución nº 487/2013, que deste xeito vería a ratificarse.

Polo exposto, en aras do interese publico na necesidade da continuidade na prestación do servizo en pro da veñianza e ata que se resolva a nova licitación, proponse ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Prorrogar ata o 28/04/2013 o contrato de concesión do servizo municipal de autobuses formalizado entre o Concello de Rianxo e Jose Manuel Gey Figueira en representación de HERDEIROS DE FRANCISCO GEY GONZALEZ, S.L.

Segundo: Este acordo debe ser notificado ao concesionario>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE OBRAS E SERVIZOS do día 28/10/2013, sendo este favorable.

O alcalde ofrece a palabra e abre o **DEBATE**:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, lembra que en maio de 2013 xa se acordou a prorroga por 6 meses da concesión administrativa do servizo municipal de autobuses cando constaba no expediente o incumprimento de liñas e horarios, había queixas veciñais e así consta no informe da policía e do que resulta o informe desfavorable da secretaría e intervención municipais. O goberno municipal tivo 6 meses para facer os deberes e emendar as deficiencias xa que a concesionaria segue incumprindo os itinerarios e os horarios e os veciños seguen protestando. O grupo do PP apoia aos veciños e á concesionaria mais unha vez que se solventen os problemas e non nos atopemos con informes desfavorables e incorramos en delitos posto que a prórroga nesas condicións é fraude de lei, polo que, en tanto, votan en atención ao informe técnico desfavorable.

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, di que foron certas esas irregularidades e queixas existentes daquela, pero eso corrixiuse na semana seguinte en contacto directo coa empresa respecto dos horarios e tramos de percorrido e de feito non houbo ningunha queixa mais. De haber algunha queixa retomaríase o tema para eméndalas xa que a prorroga proponse nesa condición.

Incorporase a sesión do pleno a concelleira do BNG D^a. Hadriana Ordoñez Otero.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran pide a palabra para a concelleira D^a. Elisa Bouzas Vicente, que di que os horarios non se arranxaron.

O alcalde di que en Meiquiz sabe que houbera problemas e pensa que se solucionaron.

A concelleira D^a. Ana M^a Eitor Vidal engade que faltan tramos horarios que non corresponden cos acordados.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, manifesta que estase tentando manter o servizo mentres non se licita arranxando as incidencias que xurdan a pesar de ser deficiente como acontece noutros sitios. Estase a traballar nos pregos pola secretaria e sacar a licitación nas mellores condicións posibles e o certo é que leva mais tempo determinar os termos deste do que se pensaba.

O alcalde lembra que é un servizo que require un profundo estudo xa que a vixente concesión data dos anos 1988, mudaron as necesidades, o parque de vehículos e o número de viaxeiros e moi pequeno nos traxectos e, por ende, custoso mantelo. Tratarase de manter os traxectos existentes co maior horario mais non arriscar a que quede deserto na licitación, sendo difícil os axustes de viaxes para ofertalos cada 15 minutos, case diría imposible de contemplar. Procurarase axeitar a determinados horarios como o do centro de saúde. Engade que poden preguntarlle ao concesionario das dificultades na viabilidade das viaxes, incluso pódense ter problemas en que exista concesionario de manterse os termos actuais. En calquera caso licitarase o servizo do xeito mais acorde coas necesidades veciñais, e economicamente mais viable.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, sendo **APROBADA** con 9 votos a favor (5 dos membros do BNG, 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (6 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.-

5.- MOCIONS DE URXENCIA

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día e antes de pasar a quenda de rogos e preguntas, ábrese o punto de mocións de urxencia.

A Presidencia pregunta se hai mocións.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

5.1. MOCIÓN DO BNG PARA ELIMINAR O COPAGAMENTO DE MEDICAMENTOS A PERSOAS DOENTES CRÓNICAS NON HOSPITALIZADAS NA SANIDADE PÚBLICA.
(RXE nº 7238, do 17/10/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia e o roulo que supón en favor das grandes farmacéuticas.

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<< EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado mes de setembro o goberno do Estado estableceu unha modificación nas condicións de financiamento de medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do sistema estatal de Saúde para que as persoas doentes crónicas non hospitalizadas teñan que achegar unha cantidade para sufragar o gasto das medicinas.

Con esta resolución, o goberno do Estado fixa un novo copagamento para os medicamentos e supón un novo imposto á enfermidade. Desde o 1 de outubro, 42 medicamentos de dispensación hospitalaria a persoas doentes crónicas con doenzas graves, deixarán de ser dispensadas sen custo, polo que haberá que pagar o 10% desde até o límite de 4,20 euros, agás aquelas que estiveren exentas.

Son fármacos para o tratamento de enfermidades graves: cancro, tumores, leucemia, hepatite C, artrite reumatoide, dexeneración muscular...

Estamos a falar de persoas pacientes na maioría dos casos polimedicadas para as cales este novo repago, este novo imposto á enfermidade, supón unha carga moi importante na súa economía, persoas que xa non son que de chegar a fin de mes e outras que xa nin comezan o mes. É indigna, inhumana, inxusta, e retrata un goberno que actúa contra a xente a prol das grandes fortunas e do poder económico. Velaquí un novo roubo que forma parte dunha estratexia deseñada para facer caixa a costa das persoas máis desfavorecidas, das persoas que adquiriron preferentes e subordinadas, das emigrantes retornadas, pensionistas, funcionarias, da clase traballadora, para seguir engordando a banca e o poder.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande a derogación da resolución do 10 de setembro de 2013, do Goberno do Estado, pola que se establece un novo copagamento para medicamentos que se dispensan a través das farmacias hospitalarias a persoas doentes crónicas non hospitalizadas.
2. Instar á Xunta de Galiza a que non aplique esta resolución no noso país.

3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza e presidente do Goberno do Estado.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, di que se absterán .

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, comeza a súa exposición dicindo que non esta en consonancia co ideario do PSOE que un enfermo de cancro, hepatites, etc., teña que aboar parte da medicación precisa para afrontar a enfermidade. O PP xa aprobou normas que esixen o copago e esta nova norma incide asemade neste colectivo de xente que adocece de enfermidades crónicas non hospitalarias, considera que hai que ser moi insensible para cobrar fármacos que a xente necesita para poder iniciar un día máis e gustaríalle que saíra deste concello un acordo unánime en contra deste copago como seguramente está a acontecer noutros concellos co apoio do PP pois non se trata dun tema de siglas.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que non ten máis que engadir e que apoian a moción.

O alcalde di que cada vez son máis os concellos de todo o pais os que se opoñen a esta medida estatal, debendo ser incluso as Comunidade Autónomas quen es alzarán a voz fronte a ela, sobre todo cando aínda así non diminúeu o gasto farmacéutico e de hai as queixas dos cidadáns con razón que ven afectados dereitos básicos como a asistencia sanitaria.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sendo **APROBADA** por 10 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE, 1 dun concelleiro do PP) con 0 votos en contra, e 5 abstencións do PP, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.2.- MOCION DO BNG PARA ESIXIR Á XUNTA DE GALIZA UNHA PARTIDA ECONÓMICA NOS ORZAMENTOS DE 2014 PARA ATENDER O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES (RXE nº 7239, do 17/10/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia por que

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns , lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Nos últimos anos, a grave crise que estamos padecendo provocou un incremento importante de persoas que demandan e necesitan recorrer aos servizos sociais públicos para cubrir boa parte das súas necesidades máis básicas e fundamentais.

Paralelamente, mentres estes casos ían en aumento, os gobernos do PP, tanto na Xunta de Galiza como no Estado, amparándose nesta crise e na súa propia filosofía política, veñen aplicando un brutal recorte orzamentario

no financiamento dos servizos sociais (Lei de Dependencia, Servizo de Axuda no Fogar, Centros de Día, Escolas infantís...), que esta afectando a miles de familias galegas.

Un exemplo claro e grave desta política, témolo no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, aprobado polo Consello da Xunta o ano pasado, que establece un novo modelo de financiamento para os servizos de benestar en Galiza e determina importantes modificacións co anterior modelo, o que está a supor na práctica, un trato claramente discriminatorio para os concellos con menor poboación, á par que avanza na privatización e o copago destes.

Así, o artigo 47 deste Decreto determina que fican excluídos de axudas públicas por parte da Xunta de Galiza o Servizo de Axuda no Fogar nos concellos de menos de 20.000 habitantes, o persoal adscrito aos equipamentos sociais de titularidade municipal (centros de día ou escolas infantís ...) Nas citadas entidades e as unidades de traballo social (persoal dos servizos sociais, agás os traballadores e as traballadoras sociais) nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Esta decisión política do Goberno da Xunta de Galiza significa que 293 concellos foron excluídos da axuda do goberno galego para o servizo da axuda no fogar, o que provoca que arredor de 100.000 galegos e galegas vexan minorado o servizo que se lles viña prestando, favorecendo con iso a perda de emprego para boa parte das persoas que viñan traballando na prestación deste servizo público, básico e fundamental no medio rural.

A prestación deste servizo público básico no medio rural, estase facendo neste momento con recursos moi reducidos mentres a Xunta de Galiza se desentende deste grave problema e das persoas que o padecen.

A situación é cada vez máis grave e o Goberno da Xunta de Galiza non pode seguir eludindo as súas responsabilidades, e moito menos descargándose noutras institucións, á hora de dotar os concellos rurais dos recursos económicos e humanos necesarios para facer fronte a este grave problema social e asegurar a prestación acaída do servizo de axuda no fogar aos miles de familias galegas que o necesitan e o están demandando a diario.

Por iso, solicitamos do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Esixir do Goberno da Xunta de Galiza a incorporación dunha partida orzamentaria nos Orzamentos para o ano 2014, similar en contía á recollida nos Orzamentos do ano 2010, para asegurar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar e o resto dos servizos sociais básicos en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes.
2. Dar traslado deste acordo ao presidente da Xuntas e aos portavoces de todos os grupos políticos do Parlamento galego.>>

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martinez Duran, comeza a súa exposición dicindo que ven a moción cun argumentario claro simplemente en vez de “esixir-lle” á Xunta de Galicia que se lles “instara” e engadir á Deputación Provincial de A Coruña como destinatario da moción co texto que deseguido se transcribe:

<<- Instar á Xuntade Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de todos os concellos de Galicia. Así como, garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentando a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

- Instar á Deputación da Coruña a que cumpra co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materia de servizos sociais comunitarios. Así mesmo, deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación da Coruña o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.>>

O voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Jose Carlos Gey Hermo, manifesta o seu desacordo, xa que se ben non advirte problema no de mudar “instar” en vez de “esixir” e o de incluír á Deputación Provincial, observa que o texto que propón a voceira do PP da lugar

a que non se vexan atendidos os concellos de menos de vinte mil habitantes que non se coordinen. Motivo polo que a rexeitan.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que non aceptan a emenda posto que esto xa é o que hai reducíndose continuamente o cofinanciamento. Aceptala emenda proposta pola voceira do PP sería case tanto como non presentar a moción posto que esta é a situación actual onde os concellos están a afrontar a maior parte do gasto.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran di que deben cofinanciar as Deputacións Provinciais.

A voceira do grupo municipal do BNG, D^a. Adelina Ces Quintáns, di que a Xunta de Galicia da cada vez menos cartos e a Deputación Provincial tamén, e as necesidades son iguais ou máis, e xa non só non no tema da axuda no fogar senón de servizos sociais en xeral. Engade que hai xente en lista de espera e non se poden atender polos recortes.

O alcalde engade que estase a recortar o cofinanciamento que afecta especialmente a servizos sociais. A reforma de réxime local vai afondar a liña divisoria entre os municipios de máis e menos de vinte mil habitantes, recuperando a Xunta de Galicia un papel coordinador e repartidor e a Deputación Provincial sairá reforzada no papel de asistencia aos concellos pequenos.

Rematado o debate, sométese a moción a VOTACIÓN, sen a emenda que rexeita o BNG, sendo APROBADA por 9 votos a favor (5 dos membros do BNG e 4 dos do PSdeG-PSOE) con 6 votos en contra (os 6 do PP) e cero abstencións, dos 15 membros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

5.3.- MOCION DO BNG PARA INCREMENTAR O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL DOS CONCELLOS (RXE nº 7462, do 28/10/2013).-

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

O Presidente pásalle a palabra á concelleira Adelina Ces Quintáns que defende a urxencia

Sométese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia por unanimidade**, cos votos a favor do total de 15 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, polo tanto maioría absoluta.

B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN.

A voceira do BNG, Adelina Ces Quintáns, lee a moción:

<<EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

É preciso salientar a precaria situación económica en que se atopan os concellos galegos por mor das distintas medidas que se veñen aplicando desde o goberno do Estado e da Xunta de Galiza, baixo o paraguas da chamada crise. Estas medidas consisten en recortes de todo tipo que obrigan moitas veces a un incremento das axudas destinadas a atender as persoas máis desfavorecidas, afectadas gravemente e sen posibilidade de afrontaren as súas necesidades máis perentorias. Por outra parte existen graves dificultades para prestar os servizos máis elementais por parte da administración local aos veciños e veciñas, un feito que obriga a demandar da Xunta de Galiza que as subvencións finalistas en concorrencia competitiva que foren posibles, sexan desviadas para engrosar o Fondo de Cooperación Local que o goberno da Xunta de Galiza é incapaz de incrementar.

As subvencións finalistas en concorrencia competitiva resultan para os concellos tremendamente complicadas no seu trámite administrativo e moitas veces están suxeitas ao clientelismo político. É ben sabido que os concellos, como administración máis próxima á cidadanía, son absolutamente capaces de determinaren onde son máis precisas e necesarias as intervencións municipais.

Por outra parte, o Fondo de Compensación Ambiental, creado a partir da produción de enerxía eólica, reserva para a Xunta de Galiza os 2/3 do seu importe, por iso é necesario que se reduza a porcentaxe da Xunta de Galiza e destinar a cantidade resultante tamén ao Fondo de Cooperación Local.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguintes ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza para que todas as subvencións finalistas en concorrencia competitiva dirixidas aos concellos que puideren ser posíbeis, sexan derivadas para incrementar o Fondo de Cooperación Local.
2. Instar á Xunta de Galiza para un reparto máis xusto do Fondo de Compensación Ambiental, incrementando o que corresponde aos concellos, que na parte que puider ser posíbel, pase a incrementar, así mesmo, o Fondo de Cooperación Local.
3. Trasladar este acordo ao presidente da Xunta de Galiza, grupos parlamentarios no Parlamento de Galiza e FEGAMP.

O Alcalde da a palabra aos voceiros dos grupos municipais.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, comeza a súa exposición dicindo que non teñen a moción, que non se lles remitiu.

O alcalde di que é unha deferenza do goberno municipal en remitilas por correo electrónico e hai un segundo correo – diferente ao da convocatoria plenaria- no se que remite.

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D^a. Vanesa Martínez Duran, di que non estaba coa documentación do Pleno cando foi a ver o expediente o martes a primeira hora.

A voceira do grupo municipal do BNG, Adelina Ces Quintáns, di que non hai problema en deixalo para outro pleno.

A alcaldía reitera que non se pode votar en cara que non se comunicara a moción porque se fixo e xa bastante que non se teña case que acudira a ver a documentación do pleno para poder asistir a el. En tanto a voceira do grupo propoñente da moción acepta retirala ACORDASE retirala polos presentes.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

P.1. A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán pregunta que ten pendente a resposta ás prebendas pola colocación dun vado na rúa Irmáns Insua.

O alcalde dille que non respalda o concello “ prebenda” ningunha polo seu carácter, non acepta senón que haxa unha tramitación previa, isto é: informe da Policía Local, pago das taxas e aprobación pola Xunta de Goberno Local. Fora de esto non estarían amparadas e non hai máis que dicir nin se aceptaría outra cousa.

P.2. O concelleiro grupo municipal do Partido Popular, José Ricardo Besada Gesto, pregunta se os dous coches da Policía Municipal están avariados.

Un dos coches participou no operativo da Xunta de Galicia (incendios) sendo felicitado, o outro estase a mirar de mercado polo sistema de renting, segundo explica Carlos Gey Hermo, mais parece desproporcionado os intereses que se solicitan e se está falando para chegar a un acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:07 minutos, de orde da Presidencia, e ao non haber público non se abre a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:08 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria

Adolfo F. Muíños Sánchez

Carolina Costoya Pardo